

O clube Atletismo Fontes do Sar e o Concello de Santiago de Compostela ca colaboración do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo da delegación de Santiago e da Universidade de Compostela, organiza o **“II Trofeo Atletismo Fontes do Sar”**. A súa vez, realizarase un Control Federado de Marcas, no Estadio Universitario de Santiago de Compostela o próximo 15 de Marzo de 2014.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar soamente atletas federados

Os atletas prebenxamíns (categoría non oficial) soamente poderán participar os clubs da área da Delegación de Santiago de Compostela

INSCRICIÓN

Realizaranse inscricións **ata as 22 horas do mércores 12 de Marzo. Online na páxina da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/>**. Pregamos poñan a mellor marca ó facela inscrición. **Só os atletas prebenxamín** farán as inscricións no correo escolafontesdosar@gmail.com, facendo constar nome e apelidos, clube e data de nacemento.

DORSAIS

A entrega de dorsais realizarase na Secretaria de Competición por clubs o mesmo día da proba, debendo confirmar a asistencia dos atletas.

PREMIOS

Entregarase medalla conmemorativa os tres primeiros de cada proba e por categorías menores ata cadete.

Recibirán cheque-regalo por importe de **200€, 125€ e 75€**, os equipos de categorías escolares (prebenxamín a cadete) puntuándose da seguinte maneira: En cada proba establecerase un sistema de puntuación ós tres primeiros clasificados, levando 3 puntos o primeiro, 2 o segundo e 1 o terceiro. O clube que acade maior número de puntos será o gañador (en caso de empate, repartirase o premio)

HORARIO CONTROL DE MARCAS

“II TROFEO ATLETISMO FONTES DO SAR”

CRONOMETRAXE ELÉCTRICO

MASCULINO	HORA	FEMININO
80 ml infantil	09:45	Lonxitude benxamín e alevín
	10:00	80 ml infantil
100 ml cadete e superiores	10:15	
	10:25	100 ml cadete e superiores
	10:40	50 ml prebenxamín (FC)
Lonxitude infantil e superiores	10:45	
50 ml prebenxamín (FC)	10:50	
50 ml benxamín	11:00	
	11:15	50 ml benxamín
	11:30	Lonxitude infantil e superiores
	11:30	60 ml alevín
60 ml alevín	11:50	
300 ml prebenxamín (FC)	12:10	
Lonxitude benxamín e alevín	12:15	
	12:20	300 ml prebenxamín (FC)
500 ml benxamín, alevín e infantil	12:30	
	12:40	500 ml benxamín, alevín e infantil
3000 ml infantil e superiores	13:00	
	13:30	4x100 relevos mamás,papas (FC)

TÓDOLOS ATLETAS DEBERÁN COMPETIR

COA CAMISOLA OFICIAL DO SEU CLUBE

Nas probas de Lonxitude e Peso das categorías benxamín e alevín, poderase limitar a 3 intentos sen mellora, se o número de atletas é moi elevado. **Os atletas escolares só poderán participar en dúas probas, como máximo.** Para que unha proba se celebre terá que ter un mínimo de 3 atletas participantes.